



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO “PROGRAMA UNIVERSITARIO PARA MAIORES” NO EXERCICIO 2021**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a formación das persoas maiores, a través dun proxecto de desenvolvemento científico-cultural, dirixido a promover a ciencia e a cultura nas persoas maiores, ó mesmo tempo que as relacións interxeracionais.

Trátase de apoiar, nos campus dependentes da Universidade de Vigo, Trátase de apoiar, a través da contribución na financiación pola Consellería de Política Social, a realización pola Universidade de Vigo, nos seus campus, dun ciclo universitario específico denominado "Programa Universitario para Maiores" (PUM).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo é unha institución pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a lei, a quen corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Son funcións da universidade ó servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e





métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ó longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden con este convenio.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ó que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ó ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

